

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2022/2023

PROGRAMA **Plan Proxecta: 11. Por 365 días de respecto e igualdade** SOLICITUDE **28867** VERSIÓN **1**

CENTRO IES de Ortigueira CÓDIGO DO CENTRO 15020544  
 ENDEREZO Rúa Constitución s/n LOCALIDADE Ortigueira (Santa Marta)  
 CÓDIGO POSTAL 15330 CONCELLO Ortigueira PROVINCIA Coruña (A)  
 TELÉFONO 881930407 ENDEREZO ELECTRÓNICO ies.ortigueira@edu.xunta.gal

### DIRECTOR/A:

NOME Carlos Emilio PRIMEIRO APELIDO Rodríguez SEGUNDO APELIDO Legarreta NIF [REDACTED]

### PROFESORADO

Nome	DNI	Participación	Especialidade
[REDACTED]	[REDACTED]	Persoa coordinadora	Orientación educativa
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Educación especial: Pedagogía Terapéutica
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Tecnoloxía
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Matemáticas
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Lingua castelá e literatura
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Francés
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Fabricación e instalación de carpintería e moble
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Fabricación e instalación de carpintería e moble
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Fabricación e instalación de carpintería e moble
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Xeografía e historia
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Música
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Bioloxía e xeoloxía
[REDACTED]	[REDACTED]	Docente	Fabricación e instalación de carpintería e moble

### ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Bacharelato		1º Bacharelato	17	22	2
Bacharelato		2º Bacharelato	16	11	1
Ciclos formativos	Ciclos formativos de grao medio	1º Carpintería e moble	10	4	1
Ciclos formativos	Ciclos formativos de grao medio	2º Carpintería e moble	6	1	1
Ciclos formativos	Formación Profesional Básica	1º Carpintería e moble	7	3	1
Ciclos formativos	Formación Profesional Básica	2º Carpintería e moble	4	2	1
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	18	14	2
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	24	15	2
Educación secundaria obrigatoria	Segundo ciclo de	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	14	14	1

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2022/2023

PROGRAMA <b>Plan Proxecta: 11. Por 365 días de respecto e igualdade</b>	SOLICITUDE <b>28867</b>	VERSIÓN <b>1</b>
--	----------------------------	---------------------

### ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación secundaria obrigatoria	secundaria obrigatoria Segundo ciclo de secundaria obrigatoria	4º Ensinanza secundaria obrigatoria	20	14	2

### TÍTULO

COEDUCANDO. CARA A IGUALDADE REAL

### INTRODUCCIÓN

No IES de Ortigueira impártense as ensinanzas de ESO, bacharelato, e os básico e medio de formación profesional de Carpintaría e Moble

Dende a consideración da promoción da igualdade entre os xéneros como un obxectivo educativo prioritario, o claustro do noso centro ven deseñando e aplicando dende hai bastante tempo intervencións na liña da coeducación.

Coa participación neste proxecto, ao abeiro do Plan Proxecta, agardamos facilitar o acceso dos/as docentes a novos recursos (materiais didácticos, coñecementos conceptuais e metodolóxicos, opcións formativas, etc...), así como xerar novos vínculos e dinámicas de colaboración tanto internas como externas ao centro, que contribuirán a mellorar a nosa capacidade de intervención no ámbito que nos ocupa.

Deseñamos este proxecto partindo da consideración de que o xénero é unha construción social que implica a transmisión, durante o proceso de socialización, de crenzas, valores, actitudes, etc... diferentes para homes e mulleres. A identidade de xénero impregna todas as esferas da nosa vida e inflúe en como as persoas nos relacionamos con nós mesmas e co entorno, determinando en gran medida como nos coidamos, o tipo de ocupacións ás que accedemos, os espazos que ocupamos, o tipo de vínculos de parella que establecemos, como vivimos a nosa sexualidade, etc.

Nesta educación diferencial en función do xénero transmitense unha serie de claves relacionais que están na base das situacións de violencia contra as mulleres.

Ademais a sobrevaloración dunha serie de capacidades en detrimento doutras (reprimidas no proceso), en función do xénero, límitanos. Estas diferenzas nos roles, así como o feito de que moitas das capacidades e funcións tradicionalmente asociadas co feminino reciben unha menor valoración social, tamén están na base da violencia estrutural e vehiculan factores de desigualdade no acceso a oportunidades formativas, laborais... (por exemplo, o chamado "teito de cristal")

No que se refire á diversidade afectivo sexual e de xénero, dicir que as construcións sociais íntimamente ligadas ao xénero definen a heterossexualidade como norma e contribúen a xerar actitudes de rexeitamento cara outras orientacións, así como ante calquera manifestación relativa á identidade sexual e de xénero que se aparte da "norma".

Consideramos preciso intervir activamente no ámbito educativo na dirección de axudar ao alumnado a identificar as claves da desigualdade e a construír actitudes máis saudables, promovendo a igualdade de oportunidades e as relacións baseadas no respecto e a liberdade.

Na normativa educativa recóllese o compromiso que o sistema educativo ten coa promoción da igualdade entre os xéneros, así como coa prevención da violencia e a discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual e de xénero. Na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación inclúese entre os principios e fins da educación (art. 1 e 2)

### OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS:

- Promover a igualdade de oportunidades e as relacións igualitarias entre mulleres e homes e previr situacións de violencia de xénero
- Promover actitudes saudables no ámbito afectivo-sexual, mediadas pola liberdade persoal e o respecto cara á diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- Contribuír á atención á diversidade e á inclusión das diferenzas no proceso de ensino-aprendizaxe.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Axudar ao alumnado a identificar e decodificar os elementos da identidade persoal asociados ao xénero e as claves da desigualdade.
- Favorecer a toma de decisións libre e responsable no ámbito afectivo-sexual.
- Facilitarlles espazos para a expresión dos desexos e sentimentos, especialmente aqueles que poidan estar deslexitimados en cada xénero, e

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2022/2023

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
<b>Plan Proxecta: 11. Por 365 días de respecto e igualdade</b>	<b>28867</b>	<b>1</b>

axudarlles a lexitimalos.

- Axudar a que cada persoa identifique as súas necesidades e desexos
- Contribuír a elevar a autoestima do alumnado, especialmente nas mozas, o que conleva unha diminución dos medos e a inseguridade persoal.
- Contribuír a diminuír, especialmente entre as mozas, a frustración asociada á non realización dos seus desexos, aumentando a seguridade sobre o logro dos mesmos.
- Contribuír a que rompa o "teito de cristal" que limita as expectativas de logro das alumnas.
- Axudalos/as a desenvolver estratexias para liberar impunitivamente a agresividade e a comunicarse de xeito asertivo.
- Facilitar o establecemento de relacións en termos de igualdade entre os xéneros.
- Contribuír a que as mozas sexan quen de poñer límites ante as invasións da súa individualidade, como un factor de protección ante situacións de abuso.
- Visibilizar a diversidade afectivo-sexual e de xénero e xerar actitudes de respecto ante as distintas opcións.
- Sensibilizar á comunidade en xeral sobre o tema da desigualdade de xénero e a violencia asociada.
- Aportar aos distintos axentes de socialización (profesorado, nais/pais...) algunhas claves necesarias para a educación en igualdade, axudándolles a analizar as súas actitudes en relación cos roles de xénero.
- Contribuír á inclusión da coeducación, de xeito transversal, nas materias.

### ORGANIZACIÓN

O programa desenvolverase durante todo o curso escolar e está deseñado de maneira que permita a intervención con todo o alumnado do centro. Todo o profesorado implicado colaborará tanto no deseño como na implementación e a avaliación das accións. Podemos sinalar 6 vías de intervención:

1. **ACTIVIDADES INTEGRADAS CURRICULARMENTE NAS MATERIAS:** visibilización de mulleres relevantes e as súas aportacións (decote invisibilizadas), contidos relacionados coa loita pola igualdade, feminismo, implicacións da desigualdade, as raíces históricas da mesma, análise de estereotipos, conceptos clave en relación coa igualdade, etc... No centro está en funcionamento un clube de ciencias, no seo do cal se desenvolve un proxecto, "Girls ""&"" STEM", a través do que se abordarán moitos dos contidos mencionados.

A continuación relaciónanse, a modo de exemplo, algunhas actividades previstas ou que consideramos que se poderían levar a cabo:

- Concurso de Haikus e Haigas contra a violencia machista
- Visionado e análise de películas: "Quiero ser como Beckam", "Dilili en París", "Ágora", "Figuras ocultas", "Sufragistas"
- Traballo de investigación sobre mulleres científicas.
- Análise de claves de xénero en cancións con contidos sexistas.

2. **ACTIVIDADES NAS SESIÓNS DE TUTORÍA GRUPAL:** Nestas sesións incidirase nomeadamente na promoción do cambio de actitudes, dando un lugar esencial ao compoñente afectivo das mesmas, realizando actividades activas-participativas, na liña non directiva, nas que se partirá principalmente de estímulos simbólicos para que o alumnado, nun contexto de aceptación e liberdade, poida, nomeadamente: (1) expresar e analizar os propios roles e actitudes, para ir avanzando cara a actitudes máis saudables, (2) coñecer e aprender a identificar as distintas formas de desigualdade/violencia neste ámbito e emprender o camiño do cambio para previlas.

Exemplos de actividades previstas:

- Visionado e análise de curtametraxes como: "Un soño imposible", "Despierta, bella, despierta"
- Actividades unidade didáctica "Cartas de amor: 15 artistas contra a violencia de xénero. Unidade didáctica para educación secundaria" (Xunta de Galicia)
- Vídeos e presentacións sobre a construción da identidade de xénero a través da socialización
- Vídeos e curtametraxes de animación sobre as agresións sexuais e a cultura da violación
- Análise de casos

O profesorado tutor e a orientadora traballarán en colaboración para levar a cabo estas actividades.

3. **ACCIÓN A NIVEL DE CENTRO, COA IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA DO IES:** Levaranse a cabo estas actividades xeralmente arredor da conmemoración de datas relevantes en relación coa sensibilización sobre a igualdade e a prevención da violencia machista (25 de Novembro, 8 de Marzo, etc...). E en xeral procurárase que os produtos finais do traballo co alumnado nos distintos grupos teñan unha proxección no resto da comunidade educativa, buscando momentos/espazos para visibilizalo.

4. **OBRADOIROS E OUTRAS ACCIÓN FORMATIVAS IMPLEMENTADAS NO CENTRO POR PARTE DE ENTIDADES EXTERNAS CO ALUMNADO, PROFESORADO OU FAMILIAS:** Elexiranse entre as ofertadas no programa, en función da dispoñibilidade. Parécenos fundamental, de ser posible, incluír intervencións coas familias.

5. **DIVULGACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA DO CENTRO:** incluír material non sexista e respectuoso coas diferenzas, así como material que facilite a formación teórica e práctica da comunidade educativa sobre a temática que nos ocupa.



## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2022/2023

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
<b>Plan Proxecta: 11. Por 365 días de respecto e igualdade</b>	<b>28867</b>	<b>1</b>

6. PROCESO FORMATIVO CO PERSOAL DOCENTE: Ademais da posibilidade de participar no curso que se oferta no programa, o acceso aos recursos dispoñibles e a colaboración entre o profesorado durante o deseño e implementación do proxecto, así como o asesoramento, cando sexa preciso da coordinadora (orientadora) constituirán oportunidades para fomentar a capacitación da comunidade educativa.

### AVALIACIÓN

Este proxecto someterase a un proceso de avaliación continua e formativa. Sobre a marcha, reorganizaranse ou modificaranse as intervencións en función da valoración da funcionalidade das mesmas.

Avaliarase tanto o deseño como a implementación do proxecto.

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN que se terán en conta son os que seguen:

- Nivel de consecución dos obxectivos previstos.
- Nivel de participación do profesorado e alumnado
- Recursos dos que se dispuxo e adecuación dos mesmos
- Dificultades xurdidas e forma de resolvelas
- Conflictos xurdidos
- Grao de eficacia e eficiencia das intervencións
- Grao de adecuación da temporalización.

Para valorar o cumprimento dos criterios sinalados axudámonos dos seguintes INSTRUMENTOS OU PROCESOS:

- Rexistros para a memoria das actividades.
- Conclusións e/ou impresións subxectivas expresadas polas partes implicadas despois de participar nas actividades ou accións formativas, nas reunións...
- Observación dos grupos: nivel de participación, implicación, cambios percibidos nas relacións...
- Materiais producidos polos grupos.
- Análise dos produtos finais.

**SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO**

Ortigueira, 26 de setembro de 2022

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**